

O Programa Termalismo Social xa arrancou. O primeiro grupo oriundo de Verín chegou onte, 18 de novembro, ás Termas de Chaves - SPA do Emperador, onde realizarán tratamentos durante 9 días consecutivos.

Esta primeira edición do programa, promovido no ámbito da Eurocidade Chaves - Verín, comezou onte e conta con 25 persoas, con máis de 50 anos.

Este primeiro día, os asistentes foron consultados polos médicos das Termas, que prescribiron os tratamentos individualizados participando, de seguida, nunha sesión de benvinda e coñecemento do funcionamento do balneario.

Recórdese que este programa de turismo de saúde e benestar está dirixido aos cidadáns de ambos lados da fronteira, e busca "promover a saúde a través da auga", converter a Eurocidade "nun destino turístico de excelencia" e "estreitar lazos de convivencia social entre os cidadáns de Chaves e Verin". Ademais, cada participante ten acceso a tratamentos termais cun desconto mínimo do 50% sobre o prezo establecido.

Aínda que a segunda edición do Programa Termalismo Social comezará o próximo día 25 de novembro, os Concellos de Chaves e Verin estudan ampliar os programas de benestar ás persoas máis novas, que teñan interese en beneficiarse de programas anti-strees e de relaxamento medicinal.